

Resolución do 25 de xaneiro do 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán no programa EduTecEmprende durante o curso 2022/2023.

A través da innovación tecnolóxica podemos avanzar cara unha sociedade sostible, cun renovado espírito emprendedor e baseada no coñecemento como motor de desenvolvemento social e económico.

O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, *eduemprende*, posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa e favorecer a introdución do espírito emprendedor no alumnado, proporcionando os medios e instrumentos necesarios para conseguilo.

Entre as accións incluídas no plan *eduemprende*, atópase o programa EduTecEmprende, que busca motivar o espírito emprendedor do alumnado a través do coñecemento da realidade empresarial e tecnolóxica da nosa comunidade, así como promover a súa interese polas áreas STEM.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Convocar o procedemento de selección de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa participación no Programa EduTecEmprende durante o curso 2022/2023.

Segundo. Actividades do programa

O programa EduTecEmprende consiste nunha serie de visitas a centros tecnolóxicos e empresas punteiras da nosa comunidade, nas que o alumnado terá a oportunidade de entrar en contacto con novas técnicas de produción e tecnoloxías emerxentes en distintos sectores produtivos, así como coñecer distintos perfís profesionais técnicos a través das experiencias dos seus traballadores/as.

A través deste programa poderanse realizar visitas a:

- Aluminios Cortizo
- ANFACO-CECOPECA
- Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo
- Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)
- Centro Tecnolóxico da Carne (CTC)
- CIS Tecnoloxía e Deseño
- Concesionarios Pérez Rumbao
- Gradient
- Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)
- Naturgy



Previamente á visita, o profesorado do centro educativo traballará co alumnado a actividade da empresa ou do centro tecnolóxico que se lle asigne, así como a súa implicación no sector produtivo correspondente, incorporando as actitudes e os valores propios do emprendemento.

No Anexo II recóllense as actividades que se desenvolverán en cada unha das visitas e as características das mesmas.

Terceiro. Temporalización

As actividades do programa levaranse a cabo de febreiro a xuño de 2023, nas datas e horarios que se indican no Anexo II desta resolución. Estas datas poderán ser modificadas por necesidades organizativas das entidades colaboradoras.

Cuarto. Destinatarios

Alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos de Galicia, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que se atope cursando 3º ou 4º de ESO, bacharelato ou ciclos de Formación Profesional.

Quinto. Proceso de solicitude e prazo de presentación

Para participar neste programa o centro educativo deberá cubrir e presentar a instancia de solicitude (Anexo I), xunto cunha proposta de traballo de fomento do emprendemento. Esta proposta deberá especificar recursos a empregar, actividades a desenvolver e planificación das mesmas ao longo do curso.

As solicitudes enviaranse desde a conta de correo corporativa do centro a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal indicando como asunto "Solicitude programa EducTecEmprende 2022-2023".

Cada centro educativo presentará unha única solicitude, na que poderá solicitar a visita a un máximo de tres entidades colaboradoras, por orde de preferencia.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sexto. Selección dos centros

Adxudicárase unha visita por centro educativo. No caso de ter máis solicitudes que visitas dispoñibles farase unha selección de centros. Nesta selección valorárase a proposta de traballo presentada en función dos seguintes puntos:

- Actividades propostas para acadar o obxectivo xeral do programa EduTecEmprende (Máximo 5 puntos).
- Recursos empregados (Máximo 3 puntos).
- Temporalización das actividades (Máximo 2 puntos).

Para esta valoración crearase unha comisión composta por tres persoas da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou asesor/a técnico/a docente. Unha delas actuará como presidente/a da comisión e outra como secretario/a.

De existir menos solicitudes que visitas dispoñibles, poderase asignar máis dunha visita por centro educativo.



Sétimo. Certificación do profesorado

Unha vez rematado o programa, e antes do 26 de xuño do 2023, deberá remitirse unha memoria, a través do espazo de coordinación habilitado en PLATEGA, que recollerá as actividades desenvolvidas durante o mesmo e un resumo da visita realizada.

O traballo desenvolvido polo docente coordinador deste programa será recoñecido como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado. Para este recoñecemento, será necesaria a valoración positiva da memoria presentada e unha certificación da dirección do centro educativo na que figure o nome do docente coordinador do programa e as funcións realizadas.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

